

AVALIACIÓN:

Para levar a cabo o proceso avaliador dos alumnos este departamento establece as seguintes PAUTAS XERAIS:

- 1- A aprendizaxe dunha lingua estranxeira supón unha continuidade nos coñecementos e non se pode illar unha unidade doutra, o sistema de avaliación que empregaremos en todos os niveis será a **AVALIACIÓN CONTINUA**; deste xeito, ao longo do curso o alumno poderá ser avaliado sobre calquera dos contidos dados ata o momento. O profesor facilitará exercicios de repaso e reforzo para tal fin. Como consecuencia da avaliación continua, o alumno que teña algunha avaliación suspensa poderá recuperala aprobando a posterior.
- 2- A avaliación entenderáse dun senso global, é dicir, á hora de cualificar aos alumnos teremos en conta tanto os resultados das probas específicas como o traballo, esforzo, actitude e progreso do alumno durante o curso.
- 3- Na cualificación do alumno avaliaranse as súas capacidades nos seguintes aspectos da comunicación (**COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA**)
 1. COÑECEMENTOS LINGÜÍSTICOS
 2. COMPRENSIÓN ORAL (ESCOITAR)
 3. COMPRENSIÓN ESCRITA (LER)
 4. EXPRESIÓN ORAL (FALAR E CONVERSAR)
 5. EXPRESIÓN ESCRITA (ESCRIBIR)

Os INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN cos que contaremos serán:

- todas as probas realizadas (controis de unidades, controis de cuestións concretas, exames de avaliación),
- a realización das tarefas encomendadas polo profesor no tempo e forma propostos (exercicios, redaccións, etc) dentro e fóra da aula,
- o uso das novas **TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN** por parte dos alumnos na realización de tarefas dentro e fóra da aula, presentación de traballos, búsqueda de información, etc.
- tamén teremos en conta os seus progresos na **APRENDIZAXE AUTÓNOMA** da lingua en canto á búsqueda de información, presentación da mesma, uso autónomo de materiais de referencia como dicionarios, gramáticas, internet, etc.
- a observación directa na aula,
- o esforzo e interese do alumno por comprender e facerse comprender en lingua inglesa, independentemente da dificultade da tarefa, e a realización das tarefas encomendadas polo profesor en tempo e forma propostos dentro e fóra da aula.

- tamén teremos en conta os progresos dos alumnos na APRENDIZAXE AUTÓNOMA da lingua, en cuanto a iniciativa persoal, interese, preparación autónoma das tarefas propostas, colaboración nos traballos por parellas ou grupos, etc.

Os **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN** que aplicaremos, serán os seguintes:

-EXAMES DE AVALIACIÓN:

- **COÑECEMENTOS LINGÜÍSTICOS:** 30% da cualificación global. Avaliarase mediante probas escritas (estruturas gramaticais, funcións da linguaxe e léxico)
- **COMPRENSIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA :** 30% da cualificación global. Avaliarase mediante probas escritas de *Reading Comprehension* e *Writing*.
- **COMPRENSIÓN E EXPRESIÓN ORAL :** 20% da cualificación global. Avaliarase mediante probas de *Listening Comprehension*, ditados, presentación oral de tarefas e observación directa na aula.
- **CONTROIS/TAREFAS:** 15% da cualificación global. Todos os controis que se fagan ao longo do trimestre computarán neste apartado, así como todas as tarefas feitas polos alumnos na aula e avaliadas polo profesor.
- **ACTITUDE :** 5% da calificación global. Neste apartado teremos en conta o traballo, interese e o esforzo que os alumnos fagan en relación coas súas capacidades. Aínda que o seu nivel de coñecementos sexa baixo o alumno deberá amosar interese na aula, esforzarse en traballar e realizar as tarefas encomendadas polo profesor dentro e fóra da aula, así como ter unha actitude respectuosa e responsable cara aos seus compañeiros nas actividades individuais, por parellas ou grupos; todo isto axudará ao alumno a acadar unha mellor nota global. Da mesma maneira, se un alumno cun bo nivel de coñecementos tivese unha actitude de apatía, desinterese ou mal comportamento na aula, a súa nota global veríase afectada negativamente.

O **libro de lectura** obligatoria será avaliado no segundo trimestre do curso. A nota obtida será tida en conta no apartado de COMPRENSIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA con un 20% do total do apartado (30%).

A non lectura do libro prescrito suporá que a nota máxima do alumno na calificación global da avaliación sexa un 4.

3º E 4º DIVERSIFICACION

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

A avaliación será continua e global e nela teremos en contra os seguintes INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN: cadernos de clase, materiais producidos polos alumnos, observación directa na aula, probas confeccionadas polo profesor, cuestionarios, e sobre todo o seguemento individualizado do alumno tendo en conta a súa evolución ao longo do Programa, feito que nos axudará a valorar os resultados de cada alumno en relación ao seu esforzo e a súa capacidade.

Á hora de cualificar aos alumnos do Programa de Diversificación teremos en conta as súas capacidades na expresión oral e escrita e na comprensión oral e escrita, tendo como referencia os obxectivos, contidos específicos e procedementos deste programa.

Os **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN** para os grupos de Diversificación Curricular serán os seguintes:

- **EXAMES DE AVALIACIÓN:**

- COÑECEMENTOS LINGÜÍSTICOS : 30 % da nota global.
- COMPRENSIÓN E EXPRESIÓN ESCRITA: 15% da nota global.
- COMPRENSIÓN E EXPRESIÓN ORAL: 15% da nota global.

- **CONTROIS:** 10% da nota global.

- **TAREFAS E ACTITUDE:** 30 % da nota global.

Estos criterios de cualificación, ao tratarse dun grupo de diversificación, serán **flexibles** e poderán modificarse ao longo do curso para adaptarse ás necesidades concretas dos alumnos.